



REDE DE BIBLIOTECAS
PÚBLICAS DE GALICIA

MEMORIA 2022

REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA



INDICE

1. O Directorio de bibliotecas de Galicia	3
2. A Rede de bibliotecas de Galicia	4
3. Estatísticas de bibliotecas	4
4. O II Mapa de bibliotecas públicas de Galicia.....	7
5. Mellora das coleccións bibliográficas	9
6. Promoción do libro e da lectura.	15
7. GaliciaLe. Plataforma de préstamo en liña	22
8. Adecuación de infraestruturas e equipamentos.....	26
9. Informatización	28
10. Formación.....	28
11. IV Xornada de bibliotecas públicas.....	31
12. Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia	34
13. As bibliotecas móbiles	37
14. Podcast literario Entreliñas.....	39
15. Renovación do Consello de Cooperación Bibliotecaria	39
16. Outras actuacións. Calendario do libro e a lectura	40



1. O Directorio de bibliotecas de Galicia

O directorio proporciona información acerca dos servizos bibliotecarios de Galicia. Actualízase anualmente, cos datos recollidos na estatística de bibliotecas públicas, e ademais, puntualmente, en calquera momento no que se comunica a variación de datos.



Movementos en 2022

Polo que respecta ás bibliotecas públicas, durante 2022 creouse unha nova biblioteca, de titularidade do Concello das Somozas, se ben á finalización do ano aínda non estaba aberta por atoparse en marcha o proceso de selección de persoal.

Por outro lado, comunicouse o peche definitivo da Biblioteca Pública do Inferniño, dependente do Concello de Ferrol.

Ademais, revisouse e actualizouse a situación de determinadas bibliotecas que figuraban abertas sen servizo bibliotecario activo, ou pechadas temporalmente, de xeito que só 2 permanecen como pechadas temporalmente (a de Caranza, en Ferrol, e a de Rairiz de Veiga), por indicación expresa do concello titular, e ningunha consta como aberta sen ter un servizo regular.

Situación a 31.12.2022

Ao remate de 2022 constaban no directorio 312 bibliotecas públicas en servizo activo regular, coa seguinte distribución xeográfica e tipoloxía:

2022. Directorio de Bibliotecas de Galicia. Bibliotecas públicas en servizo.			
	Biblioteca pública	Axencia de lectura	Total
A Coruña	97	39	136
Lugo	41	6	47
Ourense	37	10	47
Pontevedra	66	16	82

A información detallada destes centros bibliotecarios está accesible ao público na web da Rede de Bibliotecas de Galicia, a través do enderezo <https://rbgalicia.xunta.gal/gl/rede/directorio-mapa>.

En canto ás bibliotecas especializadas, constan no directorio 181 bibliotecas.



2. A Rede de Bibliotecas de Galicia

As persoas ou entidades titulares dun servizo bibliotecario, preexistente ou de nova creación, poden solicitar a súa integración na **Rede de Bibliotecas de Galicia**. Para poder acceder á integración na Rede de Bibliotecas de Galicia, unha biblioteca deberá estar previamente inscrita no Rexistro de Bibliotecas de Galicia.

A integración na Rede apróbase por Orde do Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e formalízase mediante un convenio de colaboración.

No 2022 integráronse na Rede de Bibliotecas de Galicia a Axencia de Lectura das Somozas e a Biblioteca Estudos Mindonienses, dependente da Diócese Mondoñedo-Ferrol, esta última como biblioteca especializada.

Por outro lado, durante 2022 prorrogáronse 4 convenios asinados en 2018, que manteñen a súa vixencia durante catro anos adicionais.

2022. Rede de Bibliotecas de Galicia	
Novas integracións	2
Renovación convenios	4
Bibliotecas públicas na rede	303
<i>A Coruña</i>	132
<i>Lugo</i>	44
<i>Ourense</i>	45
<i>Pontevedra</i>	84
Bibliotecas especializadas na rede	12

3. Estatística de bibliotecas

Proceso de elaboración

A Dirección Xeral de Cultura, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro, elabora a estatística anual da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia a partir dos datos que proporciona cada un destes centros, segundo o establecido no artigo 25 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.

Para a recollida de datos a Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro pon a disposición das bibliotecas públicas da rede un cuestionario estatístico realizado en coordinación coa Subdirección Xeral de Coordinación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura y Deporte. O formulario é accesible vía web a través do portal da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.



O prazo para a cobertura da estatística correspondente ao 2021 estivo aberto desde o 15 de xuño ao 31 de xullo de 2022. Logo deste período levouse a cabo a depuración do cuestionario para comprobar a coherencia dos datos, tanto ao nivel interno como con respecto a anos anteriores.

Finalizada a depuración de datos, envíanse os datos a Alzira, programa estatístico do Ministerio de Cultura e Deporte, e publícanse na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.


En 2022, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades colaborou co Ministerio de Cultura y Deporte recollendo, revisando e subministrando a información correspondente ás bibliotecas públicas galegas que formará parte da Estadística de Bibliotecas a nivel estatal, operación que pasou a ser asumida polo citado ministerio logo de que o INE deixase de ocuparse dela.

Principais resultados

2022. Principais datos estatísticos	
Bibliotecas que cubriron a enquisa	288
Colección total	7.011.748
Promedio doc/habitante	2,60
Documentos adquiridos	269.790
% de renovación da colección	3,85
Persoas usuarias	819.024
% da poboación inscrita	30,44%
Novos usuarios	29.843
Prestameiros activos	121.006
Préstamos	1.703.367
Préstamos/usuario inscrito	2,08
Préstamos/prestameiro activo	14,08
Préstamos/habitante	0,63
Actividades realizadas (sesións)	7.907
Público asistente ás actividades	240.235
Visitantes	2.655.125
Promedio visitas/habitante	0,99




Nova interfaz de visualización de resultados



En 2022 publicouse a nova interfaz de visualización dos datos estatísticos, á que se accede a través da pestana Estatísticas da web da Rede de Bibliotecas de Galicia, <https://rbgalicia.xunta.gal/gl/estadisticas>, sección Acceso aos Resultados.

Os datos estatísticos estrutúranse en cinco apartados: colección, usos e usuarios, instalacións e equipamentos, persoal e gastos. Cada un destes epígrafes consta de dúas seccións: consulta, que permite obter datos detallados relativos a cada área; e indicadores de rendemento que, por unha banda, relacionan entre si os datos obtidos nas diferentes áreas da estatística e, por outra, relacionan estes datos con outras dimensións como a poboación.

As consultas poden acoutarse empregando diversos filtros: ano, provincia, concello, biblioteca (agás cando os datos consultados sexan indicadores de rendemento poboacionais) e filtros específicos en función do apartado obxecto de consulta (por exemplo, por público destinatario en "Colección").





4. O II Mapa de bibliotecas públicas de Galicia



En cumprimento do disposto na Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 25 de maio de 2022 o II Mapa de Bibliotecas de Galicia, logo do informe preceptivo do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia que tivo lugar o 24 de maio de 2022. Tras ser aprobado, remitiuse ao Parlamento de Galicia para o seu exame e valoración.

O obxectivo do Mapa é servir como base para a concreción do diagnóstico, dos valores, dos obxectivos, das actuacións e das prioridades da acción pública en materia de servizos públicos bibliotecarios de Galicia.

O censo do que parte deste II Mapa (a relación de servizos bibliotecarios sobre os que se realiza o estudo) está formado polos servizos bibliotecarios públicos que reúnen as seguintes características:

1. Que prestasen servizo activo en 2019 de forma estable e permanente. Tomouse como referencia 2019 por considerarse o derradeiro ano no que os servizos bibliotecarios tiveron un funcionamento ordinario, xa que en 2020 os servizos víronse alterados e interrompidos en ocasións por mor da pandemia.
2. Que dispuxesen de datos suficientes. Para iso, seleccionáronse aqueles que cubrisen a enquisa anual para bibliotecas a través da que se elabora a *Estatística Anual de Bibliotecas Públicas*.
3. Que estivesen formalmente integrados na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Aplicados estes criterios, amósase un censo de 295 servizos bibliotecarios radicados en 215 concellos.

O Mapa analiza un conxunto amplo de indicadores que serven para describir de forma detallada o alcance dos servizos que a cidadanía galega pode obter para o acceso á cultura a través das bibliotecas.

A información acerca dos indicadores obtívose a partir da *Estatística Anual de Bibliotecas Públicas*, que se complementou coa información solicitada ás entidades titulares dos servizos bibliotecarios, referida a aspectos como a accesibilidade, a atención á diversidade, a sustentabilidade, as accións en acceso aberto, a capacitación dixital ás persoas usuarias, os recursos de difusión pública dos servizos bibliotecarios, os premios e distincións dos servizos e mesmo os plans de mellora



para o futuro. O grao de participación foi altamente satisfactorio, xa que dos 215 concellos que conforman a mostra responderon 213, obtendo un 99% de resposta. Esta alta participación amosa que unha canle permanentemente aberta cos poderes públicos municipais será fundamental para conseguir o funcionamento óptimo da rede.

Os estándares que permiten facer un diagnóstico das bibliotecas galegas fixéronse con base en dous principios fundamentais:

1. Adecuación á realidade galega actual. O obxectivo é asegurar que os estándares sexan coherentes coa situación existente, entendendo que non resultaría realista nin efectivo fixar estándares utópicos ou desconectados da realidade.
2. Participación. Ademais da colaboración das entidades titulares dos servizos para obter a información necesaria, tamén se tivo en conta a opinión manifestada polos profesionais bibliotecarios galegos acerca dos estándares vixentes.

Finalmente, definíronse estándares sobre un total de 30 indicadores, repartidos en 10 bloques temáticos: distribución do fondo, espazos, dixitalización, condicións de apertura, recursos humanos, accesos, accesibilidade para persoas con discapacidade, accións de dinamización, sustentabilidade e orzamento. Os valores ideais para cada un deles fixéronse tendo en conta a poboación do concello no que se asenta a biblioteca en estudo.

Con carácter xeral establecéronse cinco niveis de adecuación aos estándares, desde moi baixo (o valor obtido non acada o 20% do estándar) ata alto (o valor é igual ou superior ao 120% do estándar), considerándose un nivel adecuado aquel que acada o 80% do valor do estándar.

O mapa recolle de xeito detallado o grao de adecuación aos distintos estándares do conxunto das bibliotecas analizadas, amosando os resultados agrupados por provincias e por concellos con dimensións poboacionais similares.


O II Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia pode consultarse desde a páxina web da RBG, <https://rbgalicia.xunta.gal/gl/rede/mapa-de-bibliotecas-publicas-de-galicia-0>.

Ademais, desde esta web pode accederse a un mapa interactivo no que poden consultarse de forma dinámica os datos e os resultados da avaliación dos servizos bibliotecarios de cada concello. Permite comparar os resultados dun concello coa media de todos os concellos de Galicia, así como coa da provincia e coa do estrato poboacional no que se atopa o concello.



II MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA 2022

XUNTA DE GALICIA



II MAPA DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA 2022

XUNTA DE GALICIA



5. Mellora das coleccións bibliográficas

Mediante estas accións trátase de facilitar que as bibliotecas públicas de Galicia completen, renoven e melloren as súas coleccións bibliográficas, con especial atención aos fondos en galego.

Así mesmo, trátase de achegar aos usuarios recursos electrónicos que completen a colección física e promocionar e difundir a lectura dixital.



En 2022, tivo especial relevancia a execución dos fondos distribuídos pola Conferencia Sectorial de Cultura para o Proxecto C24.I02.P04 "Dotación de Bibliotecas" no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Mediante este proxecto preténdese dinamizar a cultura en todo o territorio, mediante a compra de libros en papel por parte das bibliotecas públicas.



Á Comunidade Autónoma de Galicia correspondéronlle 716.611,50 €, que se executaron a través de dous instrumentos: subvencións ás entidades locais para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas da súa titularidade (ampliando a dotación que ordinariamente se destina nos orzamentos da consellería a este fin ata os 550.000,00 €) así como a adquisición directa de libros con destino ás bibliotecas públicas xestionadas pola consellería, aos que se destinaron 166.611,50 €.

5.1. Subvencións a entidades locais para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas da súa titularidade

O 4 de febreiro de 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia a *Orde do 31.12.2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (Programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Programa B), ambas as en formato físico, e convócanse para o ano 2022 (código de procedemento CT235A).*

Posteriormente, o 19.05.2022 publicouse a *Orde do 5 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 31 de decembro de 2022 para adaptala ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.*

Así pois, con esta orde convocáronse dous programas de subvencións:

Programa A. Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico

Ten como obxectivo o fomento e edición de libros publicados en galego, así como a promoción da lectura e a mellora das coleccións e dos servizos bibliotecarios.

Os fondos bibliográficos obxecto de subvención son incorporados á plataforma electrónica <https://novidadeseditoriais.xunta.gal> por parte das editoras. As entidades locais beneficiarias seleccionan nesta plataforma os títulos e o número de exemplares ata o límite do valor económico en libros que teña adxudicado.



2022. Novidades editoriais en galego	
Orzamento da convocatoria	200.000,00 €
Importe concedido	199.999,26 €
Importe xustificado	191.758,14 €
Importe da subvención (por concello)	
<i>Menos de 2.000 habitantes</i>	392,15 €
<i>2.001 a 5.000 habitantes</i>	784,31 €
<i>5.001 a 10.000 habitantes</i>	1.176,47 €
<i>10.001 a 20.000 habitantes</i>	1.568,62 €
<i>20.001 a 30.000 habitantes</i>	1.960,78 €
<i>30.001 a 50.000 habitantes</i>	2.352,94 €
<i>Máis de 50.000 habitantes</i>	2.745,09 €
Concellos solicitantes	181
Concellos beneficiarios	181
<i>Beneficiarios A Coruña</i>	70
<i>Beneficiarios Lugo</i>	33
<i>Beneficiarios Ourense</i>	28
<i>Beneficiarios Pontevedra</i>	50
Concellos que xustificaron a subvención	174
Editoriais dadas de alta na plataforma de novidades	43
Editoriais na plataforma que tiveron vendas	36
Publicacións dadas de alta na plataforma	486
Exemplares vendidos	12.617

Programa B. Subvencións para a mellora das coleccións bibliográficas

A súa finalidade é posibilitar a mellora dos fondos bibliográficos que configuran as coleccións das bibliotecas públicas municipais de Galicia, co obxecto de colaborar na súa actualización e mantemento e, deste xeito, dar cumprida resposta á demanda das persoas usuarias.

O orzamento da convocatoria, fixado inicialmente en 350.000,00 €, ampliouse ata os 550.000,00 € a raíz da publicación da Orde do 5 de maio de 2022, pasando este programa a estar dotado integramente cos fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

A contía mínima da subvención estableceuse en 1.500,00 € por cada biblioteca, e a cantidade remanente logo deste reparto distribuíuse de forma proporcional á poboación do concello.



2022. Mellora das coleccións bibliográficas. MRR	
Orzamento da convocatoria	550.000 €
Importe concedido	549.999,12 €
Importe xustificado	513.333,08 €
Importe da subvención (por concello)	
<i>Importe máis baixo</i>	1.581,59 €
<i>Importe máis alto</i>	17.829,58 €
<i>Importe medio</i>	3.197,67 €
Concellos solicitantes	172
Concellos beneficiarios	172
Bibliotecas beneficiarias	225
<i>Beneficiarios A Coruña</i>	72
<i>Beneficiarios Lugo</i>	32
<i>Beneficiarios Ourense</i>	21
<i>Beneficiarios Pontevedra</i>	46
Concellos que renunciaron	4
Concellos que xustificaron a subvención	166

5.2 Mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

As bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades contan cun orzamento anual destinado á actualización e mellora das coleccións, promovendo a entrada constante de materiais novos e a saída de materiais antigos para que sexan relevantes para a comunidade e teñan un nivel aceptable de actualidade.

A dotación inicial de 238.000,00 € foi incrementada con outros 166.611,50 € con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, de tal xeito que a execución final neste concepto superou os 400.000,00 €.

2022. Inversión en adquisición de fondos por biblioteca			
	Fondos C.A	MRR	Total
B. P. da Coruña Miguel González Garcés	39.999,61 €	27.999,11 €	67.998,72 €
B. P. de Lugo	36.240,41 €	25.786,33 €	62.026,74 €
B. P. de Ourense Nós	37.992,80 €	26.584,95 €	64.577,75 €
B. P. de Pontevedra Antonio Odriozola	35.000,00 €	24.482,85 €	59.482,85 €
B. P. de Santiago Ánxel Casal	38.997,54 €	27.274,23 €	66.271,77 €
B. P. de Vigo Juan Compañel	48.996,88 €	34.311,50 €	83.308,38 €
TOTAL	237.227,24 €	166.438,97 €	403.666,21 €



5.3. Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ferrol para a xestión da Biblioteca Municipal Central

A través deste convenio establécense as condicións para a mellora dos servizos bibliotecarios que presta a Biblioteca Municipal Central de Ferrol mediante o financiamento da actualización e diversificación da súa colección bibliográfica e documental e das actividades de dinamización bibliotecaria e documental.

O importe do convenio foi de 32.000,00 €, coa seguinte distribución:

O Concello de Ferrol achegou 20.000,00 € para as seguintes finalidades:

- 9.600,00 € destinados á mellora das coleccións e/ou actividades de dinamización bibliotecaria e cultural.
- 10.400,00 € para a mellora do equipamento da biblioteca.

A consellería achegou 12.000,00 € para a mellora da colección e a realización de actividades de dinamización bibliotecaria e cultural.

A execución final do convenio foi a seguinte:

2022. Convenio Biblioteca Municipal Central de Ferrol	
Mellora das coleccións	19.529,19 €
Actividades culturais e de dinamización	7.577,35 €
Equipamento	10.834,73 €
TOTAL	37.971,27 €

5.4. Adquisición de fondos para o Club de Lectura de Galicia

O Club de Lectura de Galicia é un servizo de apoio e coordinación aos clubs de lectura existentes nas bibliotecas públicas galegas a través do que se proporcionan os fondos para o seu desenvolvemento.

Deste xeito configúrase unha verdadeira rede comunitaria de fondos accesibles para clubs de lectura da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Co fin de aumentar a colección destinada a este programa adquiríronse novos títulos en atención ás demandas dos clubs, incorporando libros en diversos idiomas, dirixidos a distintos públicos e incluíndo libros de lectura fácil. De cada título adquirense normalmente 21 exemplares, co fin de atender o número de participantes habitual nestas actividades, e deposítanse na Biblioteca de Galicia ata que son solicitados por algún dos clubs.



2022. Club de Lectura de Galicia. Fondos adquiridos

Fondos incorporados 2022	Títulos	Exemplares
Castelán	27	503
Castelán / Banda deseñada	6	90
Francés	4	84
Galego	20	361
Inglés	4	84
Italiano	2	42
Portugués	3	63
TOTAL	66	1.227
Orzamento	19.810,67 €	

2022. Club de Lectura de Galicia. Colección dispoñible por idioma

Lingua	Títulos	Exemplares
Alemán	9	200
Castelán	890	18.312
Francés	91	1.811
Galego	321	6.300
Inglés	111	2.638
Italiano	36	741
Portugués	82	1.468
TOTAL	1.540	31.470

2022. Club de Lectura. Usos

Bibliotecas que solicitaron libros para clubs de lectura	72
Exemplares prestados	8.585



5.5. Lote fundacional da Biblioteca Pública Municipal das Somozas

En 2022 dotouse cun lote fundacional a nova Biblioteca Pública Municipal das Somozas, en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, segundo o cal, en caso de acordarse a creación dunha nova biblioteca municipal ou axencia de lectura coa colaboración da consellería competente en materia de cultura, esta dotará a biblioteca dun lote fundacional de libros, composto polo menos polas obras de referencia, préstamo a domicilio e infantís e xuvenís suficientes como para poñer en marcha os correspondentes servizos do centro. Este lote non deberá ser inferior aos 1.500 títulos e o número de títulos en galego non deberá ser inferior aos 500.

2022. Lote fundacional Biblioteca Pública Municipal das Somozas	
	Núm. de títulos
Castelán ficción	422
Castelán non ficción	242
Galego ficción	416
Galego non ficción	94
Cómic	161
Infantil ficción	119
Lectura fácil	56
TOTAL	1.510
Orzamento	22.276,77 €

6. Promoción do libro e da lectura.

6.1. Programa Ler Conta Moito

Ler Conta Moito é un programa de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia promovido pola Dirección Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en colaboración coas entidades locais.



Catálogo de actividades

O programa conta cun catálogo de actividades realizadas por profesionais ou colectivos con experiencia neste ámbito, en diversas categorías: obradoiros creativos, narración oral, divulgación do coñecemento, audiovisual, actividades de



dinamización con música, teatro e danza, exposicións ou itinerarios guiados, e dirixidos a todas as franxas de idade e tamén a públicos con necesidades especiais.

O Catálogo de actividades renóvase cada ano, a partir das propostas presentadas.

A convocatoria para que artistas e profesionais actualizasen o catálogo publicouse o 27.12.2021 no Diario Oficial de Galicia e na web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, <http://rbgalicia.xunta.gal>, e estivo aberta ata o 31.01.2022.

Despois da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, configurouse un catálogo formado por 593 actividades dispoñibles, propostas por 234 artistas distintos.



O catálogo fíxose público na web <https://rbgalicia.xunta.gal/rbgler/> o 02.03.2022.

O catálogo está accesible en para calquera entidade que queira programar actividades, con independencia de que vaia participar ou non da convocatoria de subvencións. Deste xeito, o catálogo convértese nun escaparate que permite a promoción dos artistas participantes.

Convocatoria de subvencións

Paralelamente, os concellos titulares de bibliotecas públicas poden solicitar unha axuda económica para a realización de actividades de dinamización no marco deste programa, de xeito que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades financia o 75% do seu custo e o Concello achega o 25% restante.

A convocatoria de 2022 aprobouse mediante a *ORDE do 20 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas*



públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemento CT236A), e publicouse no DOG do 21.01.2022.

A dotación do programa foi de 195.000 €. A resolución das axudas ditouse o 01.04.2022 e publicouse no Diario Oficial de Galicia do 19.04.2022.

Programación de actividades

Como novidade, na convocatoria de 2022 estableceuse que todas as bibliotecas e axencias de lectura públicas que solicitaran esta subvención poden seleccionar e executar actividades desde a data de publicación do catálogo, sen que sexa preciso agardar a resolución das axudas e ter a condición de beneficiario para programar e realizar actividades. Desta forma, facilítase un período de programación máis amplo, que permite a celebración ou conmemoración das datas máis sobranceiras para as bibliotecas e das que conforman o Calendario do Libro e a Lectura.

Así, as bibliotecas públicas participantes realizaron un total de 708 actividades entre o 01.03.2022 e o 25.10.2022. O resultado da realización pode verse no blog <http://blogs.xunta.es/lercontamoito/>.

2022. Programa Ler Conta Moito	
Orzamento da convocatoria	195.000 €
Importe concedido	194.998,30€
Importe xustificado	181.104,66 €
Importe da subvención (por biblioteca)	829,78 €
Concellos solicitantes	191 (238 bibliotecas)
Concellos beneficiarios	188 (235 bibliotecas)
Beneficiarios A Coruña	74
Beneficiarios Lugo	36
Beneficiarios Ourense	28
Beneficiarios Pontevedra	50
Concellos que xustificaron a subvención	184 (231 bibliotecas)
Profesionais no catálogo	234
Actividades no catálogo	593
Actividades realizadas	708
Participantes	36.162



6.2. Programación cultural nas bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

As bibliotecas programaron ao longo do ano numerosas actividades culturais para todas as idades e todos os públicos:

Actividades de animación á lectura para nenos



Co fin de achegar a biblioteca ao público infantil e promover a animación á lectura, desenvólvese un programa de actividades permanentes para os máis pequenos ao longo do ano: sesións de animación á lectura, contacontos, monicreques, teatro, maxia, encontros con autores ou ilustradores...

Visitas guiadas – Formación de usuarios

Teñen como obxectivo dar a coñecer o centro e os seus servizos, formando os usuarios para a súa utilización. Establecen relacións coa comunidade escolar, con colectivos ou asociacións de diverso tipo e captan novos usuarios.



Mostras bibliográficas e exposicións

As bibliotecas reúnen os documentos que tratan sobre un tema de actualidade, que conmemoran un feito ou promocionan e difunden os seus fondos para amosalos aos seus lectores. Tamén amosan todo tipo de exposicións, tanto de creación propia como producidas por outros organismos.



Cafés e conversas de idiomas

Dirixidos a aquelas persoas que están a aprender unha lingua estranxeira e queren practicar con outras que están na mesma situación, falando dun modo libre e informal, sen profesores nin obrigas. É un encontro libre entre xente cun interese común: practicar unha lingua estranxeira.

Clubs de lectura

Esta actividade ven desenvolvéndose nas bibliotecas públicas de xestión autonómica dende hai anos. Con motivo da celebración no 2010 do Ano da Lectura, impulsamos a ampliación desta actividade que consideramos central dentro dos obxectivos da animación á lectura nas bibliotecas públicas. Ao longo do ano realízanse clubs de lectura para adultos, mozos e nenos en diversidade de idiomas: castelán, galego, inglés, francés, portugués, etc. e de tipos de obras como banda deseñada, narrativa, poesía, lectura fácil, etc.

Formación

Actividades que pretenden axudar ás persoas participantes a completar a súa formación ao longo de toda a vida, en diferentes campos: idiomas, ofimática e navegación por internet, filosofía, obradoiros de debuxo ou literatura... Dirixidos a público infantil, adulto e tamén para persoas maiores que queren manterse activas exercitando a lectura e a memoria.



Certames literarios, de debuxo, banda deseñada, fotografía...

As bibliotecas convocan anualmente diversos certames de narración, poesía e debuxo, dirixidos principalmente a público infantil, para conmemorar datas como o Nadal, Letras Galegas ou o Entroido.



Outras actividades

As bibliotecas están abertas a todo tipo de actividades culturais: obradoiros, recitais, concertos, mesas redondas, conferencias...

Destacan as actividades puntuais para conmemorar as datas sinaladas cada ano no Calendario do Libro e a Lectura ou o mes da ciencia en galego nas bibliotecas.

Promoción da igualdade e loita contra a violencia de xénero

En 2022 leváronse a cabo actividades especialmente orientadas a promover a igualdade e loita contra a violencia de xénero, en colaboración coa Secretaría Xeral de igualdade. As actividades realizadas abranguen unha ampla variedade na que se atopan obradoiros de temática feminista, contacontos, un roteiro sobre mulleres na historia local, un clubs de lectura feminista, espectáculos como maxia e teatro e mesmo un curso defensa persoal feminina.



Programa Bibliotecas, Arquivos e Museos corresponsables

A través do programa *Bibliotecas, Arquivos e Museos Corresponsables*, desenvolvéronse as medidas do Plan Corresponsables, financiado polo Ministerio de Igualdade e executado pola Dirección Xeral de Cultura en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.



Este programa, que ten por obxecto prestar apoio específico ás necesidades de conciliación das familias con nenas, nenos e mozos de ata 16 anos de idade, desenvolveuse nas seis bibliotecas públicas xestionadas pola Xunta de Galicia a través dun conxunto diverso de actividades como campamentos de verán, obradoiros lúdicos e educativos, laboratorios creativos, actividades de animación á lectura, estimulación e xogo... As distintas actividades tiveron lugar a partir do mes de xullo, cun primeiro bloque que se desenvolveu nos meses non lectivos, fundamentalmente polas mañás, e outro que tivo lugar entre setembro e novembro, fundamentalmente polas tardes.



Todas as actividades tiveron unha gran aceptación do público e supuxo unha experiencia satisfactoria e enriquecedora para o persoal bibliotecario. En total, arredor de 1970 nenos e nenas de diversas idades (desde bebés de poucos meses ata mozos/as de 15 anos) puideron desfrutar destas iniciativas. Entre a variada oferta, puideron elixir actividades continuadas durante varios días, como campamentos (un total de 19), ou ben actividades de curta duración (obradoiros, sesións de xogos e outros, que nas 6 bibliotecas de xestión autonómica supuxeron un total de 394 días de servizo nos que se prestou apoio para favorecer a conciliación en momentos puntuais.

Cómpre poñer en valor o aproveitamento das instalacións e os recursos públicos da biblioteca para axudar ás familias a conciliar. Tamén hai que destacar que todas estas actividades estiveron atendidas por profesionais, cun total de 26 traballadores implicados nesta iniciativa.



2022. Investimento en actividades de dinamización

	Fondos C.A	Igualdade	Plan Corresponsables	Total
B. P. da Coruña Miguel González Garcés	15.969,75 €	1.984,00 €	10.674,62 €	28.628,37 €
B. P. de Lugo	13.000,00 €	2.595,02 €	4.620,00 €	20.215,02 €
B. P. de Ourense Nós	15.000,00 €	2.550,00 €	14.950,00 €	32.500,00 €
B. P. de Pontevedra Antonio Odriozola	14.000,00 €	2.589,50 €	31.500,00 €	48.089,50 €
B. P. de Santiago Ánxel Casal	15.495,00 €	2.599,20 €	13.273,15 €	31.367,35 €
B. P. de Vigo Juan Compañel	23.299,40 €	2.594,39 €	28.987,80 €	54.881,59 €
TOTAL	96.764,15 €	14.912,1 €	104.005,6 €	215.681,83 €

2022. Actividades realizadas por tipoloxía

Actividades de animación á lectura para nenos	420
Visitas guiadas – Formación de usuarios	178
Mostras bibliográficas e exposicións	197
Clubs de lectura – <i>Núm. de clubs</i>	39
- <i>Núm. de sesións</i>	603
Cursos e conferencias	510
Outras actividades	544
TOTAL	2.452
Participantes (Estimado)	45.430

7. GaliciaLe. Plataforma de préstamo en liña

GaliciaLe é a plataforma de préstamo en liña do libro electrónico das bibliotecas públicas galegas, a cargo da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Dirección Xeral de Cultura. Nesta plataforma, en colaboración co Ministerio de Cultura y Deporte, ponse á disposición de toda a cidadanía galega unha importante colección de títulos de libros electrónicos, en castelán e galego, así como revistas, audiolibros e audiovisuais.

Está dispoñible para todas as persoas que dispoñan do carné de lector dalgunha das bibliotecas públicas da Rede.





7.1. GaliciaLe

Colección

2022. GaliciaLe. Núm. de títulos por formato	
Libros electrónicos	9.769
Revistas	168
Películas	417
Audiolibros	676
Libros interactivos	1
Banco de datos	1
TOTAL	11.032

2022. GaliciaLe. Núm. de títulos por catálogo	
Catálogo galego	1.976
Catálogo en castelán	9.056
TOTAL	11.032

2022. GaliciaLe. Núm. de títulos por idioma	
Castelán	8.693
Galego	1.951
Catalán	222
Inglés	96
Outras linguas (éuscaro, italiano, portugués, francés)	70
TOTAL	11.032

2022. GaliciaLe. Núm. de títulos por público destinatario	
Adultos	8.041
Infantil e xuvenil	2.991
TOTAL	11.032



Uso da colección

2022. GaliciaLe. Préstamos	
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	122.029
Catálogo galego	16.629
TOTAL	138.658

2022. GaliciaLe. Usuarios activos	
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	9.024
Catálogo galego	4.626

Investimento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

2022. GaliciaLe. Investimento			
	Renovacións	Novidades	Total
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	18.540,48 €	25.928,43 €	44.468,91 €
Catálogo galego	19.576,33 €	87.248,88 €	106.825,21 €
TOTAL	38.116,81 €	113.177,31 €	151.294,12 €

2022. GaliciaLe. Títulos adquiridos				
	Renovacións		Novidades	
	Títulos	Licenzas	Títulos	Licenzas
Catálogo en castelán (eBiblio Galicia)	66	223	1334	5903
Catálogo galego (*)	423	842	231	462
TOTAL	489	1065	1565	6365

(*) Así mesmo, engadíronse 75 novas películas adquiridas a produtoras galegas e 1 película renovada, con 120 visionados cada unha.





7.2. Recursos electrónicos en rede

En 2022 renovouse a subscrición a distintos recursos electrónicos, orientados tanto ao público en xeral como ao servizo do persoal bibliotecario:

Banco de Contidos de AulaPlaneta: o maior banco de contidos dixitais en lingua española, constitúe un recurso dirixido tanto ao público adulto como ao infantil e xuvenil, que conta con innumerables materiais de consulta de todas as áreas do coñecemento. Este recurso está dispoñible e accesible en GaliciaLe para os usuarios da Rede de Bibliotecas de Galicia.



CDU Online: versión actualizada e completa do sistema de Clasificación Decimal Universal (CDU). É unha ferramenta indispensable para todas as bibliotecas, que facilita o traballo de catalogación ao persoal técnico dado que conta cunha serie de utilidades que serven para facilitar a busca, a navegación, a análise, a validación, a presentación e a construción dos números da CDU. A CDU en liña está sempre actualizada e posta ao día coa última versión oficial.

2022. Recursos electrónicos. Inversión	
Banco de Contidos de AulaPlaneta	12.100 €
CDU Online	5.405,71 €
Orzamento anual:	17.505,71 €





8. Adecuación de infraestruturas e equipamentos

8.1 Investimentos en equipamentos, reparacións e melloras nas infraestruturas nas bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O obxectivo desta actuación é mellorar as condicións destas bibliotecas favorecendo a súa usabilidade, a accesibilidade, a seguridade para persoas traballadoras e usuarias e a sustentabilidade ambiental. Hai que reseñar que o programa *Bibliotecas, Arquivos e Museos Corresponsables* permitiu incrementar os fondos destinados a estes investimentos, xa que para a execución das actividades foi preciso adecuar os espazos infantís dotándoos co equipamento necesario.

2022. Equipamento e mellora das infraestruturas (obras). Investimento por biblioteca

	Fondos C.A	Plan Corresponsables	Total
B. P. da Coruña Miguel González Garcés	8.641,19 €		8.641,19 €
B. P. de Lugo	2.934,08 €		2.934,08 €
B. P. de Ourense Nós	9.908,47 €		9.908,47 €
B. P. de Pontevedra Antonio Odriozola	91.783,81 €	4.991,25 €	96.775,06 €
B. P. de Santiago Ánxel Casal	4.595,15 €		4.595,15 €
TOTAL	117.862,70 €	4.991,25 €	122.853,95 €

2022. Equipamento e mellora das infraestruturas (equipamento e mobiliario). Investimento por biblioteca

	Fondos C.A	Plan Corresponsables	Total
B. P. da Coruña Miguel González Garcés	18.147,69 €	19.572,02 €	37.719,71 €
B. P. de Lugo	1.142,97 €	10.997,79 €	12.140,76 €
B. P. de Ourense Nós	23.181,59 €	14.855,52 €	38.037,11 €
B. P. de Pontevedra Antonio Odriozola	23.264,07 €	23.943,46 €	47.207,53 €
B. P. de Santiago Ánxel Casal	33.098,11 €	3.695,17 €	22.698,39 €
B. P. de Vigo Juan Compañel	15.998,62 €	6.699,77 €	36.793,28 €
TOTAL	114.833,05 €	79.763,73 €	194.596,78 €



Cómpre sinalar que no investimento en obras da Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola está comprendida unha obra de reforma interior adxudicada en 2021 que non puido executarse nese ano debido á demora na obtención da licenza urbanística. O seu importe é de 12.565,60€.

8.2 Investimentos en bibliotecas públicas municipais

Os investimentos nas bibliotecas públicas municipais foron obxecto de atención por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades mediante a *Orde do 17 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e a mellora das instalacións e dos locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se convocan para o ano 2022* (DOG do 10.02.2022), cuxa resolución publicouse no DOG do 01.08.2022.

A través da convocatoria desta liña de axudas, preténdese continuar co labor de mellorar a infraestrutura dos equipamentos culturais co fin de dotar dos medios necesarios para que as entidades locais poidan executar os seus programas culturais, así como contar coas oportunas infraestruturas que lles permitan a adecuada realización das actividades culturais que promovan, garantindo o servizo público que prestan á cidadanía.

Son subvencionables as actuacións relativas ao equipamento e moblaxe de locais; a realización de obras de reforma, ampliación, modernización ou mellora de inmobles, así como a adquisición de materiais técnicos vinculados ao desenvolvemento da programación cultural do local, en concreto, entre outros, os investimentos en bibliotecas ou axencias de lectura pública municipais.

2022. Equipamento e mellora de instalacións das bibliotecas públicas municipais.	
Orzamento da convocatoria	500.000 €
Importe concedido (total)	499.781,98 €
Importe concedido (bibliotecas)	177.525,77 €
Importe xustificado (bibliotecas)	164.838,53 €
Concellos beneficiarios (total)	45
Concellos solicitantes (bibliotecas)	33
Concellos beneficiarios (bibliotecas)	20
Concellos que xustificaron a subvención	18



9. Informatización

Durante 2022 integráronse no Sistema de xestión do catálogo da Rede de Bibliotecas de Galicia 6 bibliotecas públicas: as Axencias de Lectura de Aranga e Toxiño, en Aranga, e as Bibliotecas Públicas Municipais de Paradela, Irixoa, Arbo e Avión.

Tamén se puxo en marcha un novo módulo de xestión, especificamente pensado para as bibliotecas especializadas, que permite a cada unha delas adaptar o sistema ás súas necesidades, sen ter que asumir os criterios e regras comúns ao conxunto da rede. Durante o 2022 déronse de alta 28 novas bibliotecas neste sistema.

2022. Sistema de xestión do catálogo. Bibliotecas integradas

Biblioteca de Galicia	1
Bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades	6
Bibliotecas Públicas municipais	274
Bibliotecas especializadas	32

10. Formación

10.1. Cursos de formación para o persoal da Rede de Bibliotecas de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Dirección Xeral de Cultura, no marco competencial de mellora e modernización da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, asume a súa función de formación dos profesionais que desempeñan as súas tarefas nos centros da Rede organizando cursos de formación en materia de bibliotecas, que achega temas de interese tratados por expertos de recoñecido prestixio.





En 2022 desenvolvéronse 6 cursos de formación organizados e executados integramente pola dita dirección xeral, en modalidade en liña, e outros 3 realizados en colaboración coa EGAP, de xeito presencial. En cada unha destas modalidades incorporouse un novo curso.

2022. Formación. Cursos organizados pola Dirección Xeral de Cultura. En liña

	Datas	Horas
Catalogación básica en formato MARC 21	7 abril a 4 maio	30
Ferramentas para realizar actividades en liña na biblioteca	4 a 31 maio	30
A recensión literaria como unha invitación á lectura	6 a 30 xuño	30
Os novos recunchos da biblioteca. Lectura, tecnoloxía e arte	12 setembro a 14 outubro	30
Accesibilidade na biblioteca pública	3 a 23 outubro	25
Escape rooms educativos en bibliotecas	24 outubro a 7 novembro	16

2022. Formación. Cursos organizados en colaboración coa EGAP. Presenciais

	Datas	Horas
Sácalle partido aos datos da túa biblioteca	25 abril a 3 maio	25
A expurgación na colección das bibliotecas	4 e 6 outubro	12
Axenda 2030 e bibliotecas: oportunidades e retos	7 e 8 novembro	15

2022. Formación. Prazas convocadas e solicitudes.

	Prazas	Solicitudes
Cursos Dirección Xeral de Cultura	150	205
Cursos en colaboración coa EGAP	75	212
TOTAL	225	417

2022. Formación. Inversión.

Cursos Dirección Xeral de Cultura	10.465,00 €
Cursos en colaboración coa EGAP	4.235,00 €
TOTAL	14.700,00 €



10.2. Bolsas de formación en biblioteconomía

En 2022 publicouse unha nova convocatoria de 33 bolsas de formación en biblioteconomía e unha duración máxima de 14 meses ao abeiro da *Orde do 30 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en biblioteconomía e se convocan para o período 2022-2023 (código de procedemento CT233A)*.(DOG do 03.02.2022).

Presentáronse 254 aspirantes, dos que catro renunciaron á solicitude e 28 resultaron excluídos por non reunir todos os requisitos recollidos na convocatoria. 224 aspirantes foron admitidos e os seus méritos valorados.

A resolución da convocatoria ditouse o 30.05.2022. A incorporación dos bolseiros tivo lugar a partir do 13.06.2022 e desenvolverase ata o 31.07.2023.

A formación comprende o uso e o tratamento dos fondos bibliográficos, a atención aos usuarios e a planificación, a xestión e a execución dos distintos servizos bibliotecarios. Conta cunha parte teórica e outra práctica titorizada por persoal técnico bibliotecario.

2022. Bolsas de formación en biblioteconomía. Distribución por biblioteca

Biblioteca de Galicia	7
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés	4
Biblioteca Pública de Lugo	4
Biblioteca Pública de Ourense Nós	4
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola	4
Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal	4
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel	5
Biblioteca Municipal Central de Ferrol	1

2022. Bolsas de formación en biblioteconomía. Orzamento

Importe mensual das bolsas	940,00 €
Importe anual bolsas	187.524,17 €
Importe anual Seguridade Social	11.672,43 €



10. IV Xornada de bibliotecas públicas de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Dirección Xeral de Cultura, convocou a IV Xornada de Bibliotecas Públicas de Galicia, baixo o lema A Biblioteca pública, unha personalidade creativa.

Esta actividade tivo lugar no Auditorio do Edificio Fontán (Cidade da Cultura en Santiago de Compostela) o 24 de outubro de 2022, coincidindo coa celebración do Día das Bibliotecas.



Contidos

A xornada contou cunha charla inaugural a cargo de Carlos Fernández Guerra, actualmente Director Dixital e Social Media en Iberdrola e creador, planificador e máximo responsable do programa de Comunicación, Atención ao Cidadán, Formación e concienciación en Seguridade "Policía 2.0".



A continuación tiveron lugar dúas mesas participativas. A primeira, baixo o nome Experiencias creativas, contou coa participación de:

- Lucas Ramada Prieto, director do Proxecto "Ficción en Juego" nas bibliotecas da Deputación de Barcelona.
- María José Pousa Rodríguez, asesora técnica da Asesoría de Bibliotecas Escolares da Consellería, que falou do Programa Biblioteca Creativa.
- Txemi Valdecantos Martínez de Ubago, que forma parte do equipo técnico de Tabakalera Medialab,

A segunda mesa, co título Xeración de contidos creativos, estivo formada por:

- Eva Mejuto, xornalista, escritora e xestora cultural, responsable do podcast literario Entreliñas.
- Jessica Rey, directora de marketing e comunicación da cooperativa CLUN, e anteriormente en Casa Grande de Xanceda.
- Lorena Bembibre, xeradora de contidos en redes sociais

Entre elas, contouse coa actuación de Rosalía Fernández R, que interpretou varios dos poemas do seu traballo "Desnortada".





A xornada da mañá rematou coa intervención de Javier Cebreiros, Doutor en comunicación, formador e divulgador, baixo o título "O traballo máis importante do mundo"



Pola tarde, desenvolvéronse tres obradoiros participativos de xeito simultáneo:

- Podcasting literario, a cargo de Eva Mejuto e Denis Losada
- Dinamización da poesía, con Rosalía Fernández Rial
- Creación dun escape room virtual, impartido por Mónica Ínsua, técnica da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal.

A Xornada pechouse coa entrega do Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2022, outorgado ás Bibliotecas Municipais Luis Seoane de Soutomaior e do Porriño.





12. Premio á innovación bibliotecaria de Galicia

A convocatoria 2022 deste premio aprobouse por *Orde do 6 de maio de 2022 pola que se establecen as bases do Premio á innovación bibliotecaria de Galicia e se convoca para o ano 2022 (código de procedemento CT237A)*. (DOG do 24.05.2022).

Este premio ten como obxectivo impulsar e visibilizar os proxectos e boas prácticas innovadoras levadas a cabo polas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais de Galicia, que busquen resultados positivos para a persoa usuaria e que sexan pertinentes e adecuados ao contexto local onde se implantan.

Vai dirixido a todas as entidades locais ou agrupacións de concellos de Galicia que sexan titulares de bibliotecas públicas ou axencias de lectura pública integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Como novidade, duplicouse a dotación do premio, que acadou os 6.000,00 euros, ao establecerse dúas categorías en función da poboación do concello. Nunha categoría participan aquelas entidades locais que contén cunha poboación de ata 10.000 habitantes mentres que outra categoría está formada por entidades locais de máis de 10.000 habitantes.

Cada unha das categorías está dotada cun premio de 3.000,00 € e un distintivo de biblioteca innovadora.

Nesta edición presentáronse 6 proxectos candidatos ao premio:

- Na categoría de entidades locais cunha poboación de ata 10.000 habitantes:
 - *Co cambio chegou Conchiña*, da Biblioteca Concepción Arenal de Miño.
 - *Unha biblioteca de club...*, da Biblioteca Municipal Luis Seoane de Soutomaior.
 - *BibliofoGAR 2021-2022*, da Biblioteca Municipal Luís Seoane de Soutomaior.
- Na categoría de entidades locais cunha poboación de máis de 10.000 habitantes:
 - *Acompañando na aventura de crecer: xornadas para familias e profesionais*, da Biblioteca Municipal do Porriño.
 - *12 meses, 12 libros*, das bibliotecas municipais José Saramago de Santiago de Compostela.
 - *Voluntariado Cultural. Rapaces/zas que prestan o seu tempo para o fomento da lectura*, da Biblioteca Pública Municipal de Verín.



O premio para a categoría de entidades locais cunha poboación de ata 10.000 habitantes recaeu no proxecto BibliofoGAR 2021-2022, da Biblioteca Municipal Luis Seoane de Soutomaior.



A comisión de valoración destacou a vontade de innovación da biblioteca á hora de buscar e aplicar novas formas de achegarse aos usuarios desbotando rutinas de traballo máis pasivas. Deste xeito lógrase unha mellora no servizo á veciñanza a distintos niveis, traballando dende unha visión ampla do que debe ser unha biblioteca.

Nun contexto maiormente rural e de poboación dispersa, a Biblioteca Luís Seoane decide saír en furgoneta ao encontro dos seus veciños, moitos con dificultades para o desprazamento e de idade avanzada. Impleméntase un servizo de entrega de libros a domicilio e conséguese implicar ademais a distintas asociacións e centros sociais, axudando á dinamización do tecido cultural do concello.

Valórase positivamente a dimensión social do proxecto, especialmente no que ten que ver coa atención a persoas da terceira idade. A proposta da biblioteca pretende fomentar a lectura entre os nosos maiores e traballar pola súa integración na comunidade, ademais de actuar a un nivel máis emocional, contribuíndo a acompañar e sacar do seu illamento a persoas obrigadas a vivir en soidade.

Na categoría de entidades locais cunha poboación de máis de 10.000 habitantes o premio outorgouse ao proxecto Acompañando na aventura de crecer: xornadas para familias e profesionais, da Biblioteca Municipal do Porriño.

A comisión valorou moi positivamente a capacidade amosada pola biblioteca para detectar e dar resposta ás necesidades específicas da súa comunidade, aventurándose máis alá do que serían as funcións tradicionais máis recoñecibles entre a cidadanía como propiamente bibliotecarias.



Nun concello como O Porriño, onde abundan as familias novas, a Biblioteca Municipal propón unhas xornadas de conferencias arredor da crianza complementadas con centros de interese sobre a mesma temática e sobre educación igualitaria.

Destácase a boa acollida do ciclo de conferencias entre a veciñanza, a campaña de promoción levada a cabo desde a institución e a vontade de continuidade e de mellora en anos sucesivos.

Finalmente, á comisión tamén lle agradou que se tivera en conta a profesionais do centro de saúde e de centros educativos locais para deseñar a programación e o calendario das xornadas; e tamén que se reparara nas necesidades de conciliación familiar proporcionando un servizo de acompañamento infantil na propia biblioteca, co que ademais se persegue o obxectivo de promover a lectura e o uso da biblioteca entre os máis pequenos.



Finalmente, a comisión de valoración do Premio á Innovación Bibliotecaria de Galicia 2022 tamén fixo unha mención especial ao proxecto 12 meses, 12 libros do grupo de bibliotecas municipais José Saramago de Santiago de Compostela polo gran traballo realizado. Un proxecto moi ben elaborado que pretende impulsar entre os seus veciños o gusto pola lectura, a curiosidade por todo tipo de coñecemento e a adopción da cultura da aprendizaxe continua, poñendo especial atención nas franxas de idade que actualmente menos se interesan polas bibliotecas

O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 24 de outubro durante a celebración da IV Xornada de Bibliotecas Públicas de Galicia.



13. As bibliotecas móbiles

Durante 2022 leváronse a cabo os traballos de definición, planificación e licitación do contrato administrativo para a xestión de dúas bibliotecas móbiles que darán servizos a vinte concellos (dez na provincia de Lugo e dez na de Ourense) que non contan con servizos bibliotecarios fixos e que pola súa escasa poboación non teñen obriga de dispoñer destes equipamentos.

No territorio galego, a cobertura territorial con servizo fixo de biblioteca acada o 67% dos concellos. Cabe destacar que, malia non ter obriga legal de prestar o servizo, o 72,8% dos concellos con menos de 5.000 habitantes conta con biblioteca, igual que o 41,7% dos concellos que non chegan a 2.000 habitantes. Porén, a distribución por provincias é desigual, sendo Lugo e Ourense as que presentan menor concentración de servizos

O II Mapa de Bibliotecas de Galicia, á vista desta realidade, recolle a necesidade de arbitrar medidas compensatorias que palíen o déficit de servizos bibliotecarios en certas áreas caracterizadas pola escasa entidade de poboación ou pola dispersión territorial, sinalando que, cando as características do territorio así o aconsellen, o servizo pode prestarse a través de bibliotecas móbiles.

O contrato adxudicouse o 12 de decembro de 2022, e ten unha duración de un ano desde a súa sinatura (o 09.01.2023), prorrogable por outro.



Mediante este servizo atenderanse as prestacións básicas de calquera biblioteca pública: expedición de carnés de usuario, préstamo e devolución, formación de usuarios no manexo do OPAC e GaliciaLe (a biblioteca de préstamo dixital de Galicia), servizo de referencia bibliográfica, especialmente para buscas en Internet, prescrición de contidos e recomendacións de lectura; así mesmo, tendo en conta as características da poboación destinataria, atenderá especialmente aos servizos de



alfabetización dixital para as persoas usuarias co obxectivo de reducir a fenda dixital. Ademais, promoverase o acceso á lectura e á cultura a través das adecuadas accións de dinamización lectora e levaranse a cabo accións de difusión para dar a coñecer o servizo e achegalo ao público destinatario.

Para a súa execución, en cada unha das provincias disporase dun vehículo adaptado ao servizo e equipado cunha colección bibliográfica axeitada e outros materiais para o préstamo, así como cos medios técnicos e humanos necesarios para a xestión e difusión do servizo.

O servizo prestarase de forma itinerante nos seguintes concellos da provincia de Lugo:

- Baleira
- Cervantes
- Folgoso do Courel
- O Incio
- Navia de Suarna
- Negueira de Muñiz
- As Nogais
- Pedrafita do Cebreiro
- Samos
- Triacastela



E nestes concellos da provincia de Ourense:

- Baltar
- Os Blancos
- Calvos de Randín
- Castrelo de Val
- Cualedro
- A Gudiña
- Laza
- Oímbra
- Trasmiras
- Vilardevós





14. Podcast literario Entreliñas

En 2022, a Dirección Xeral de Cultura puxo en marcha o proxecto Entreliñas, un podcast literario destinado a dar a coñecer a actualidade literaria galega a través das bibliotecas públicas. Trátase dun programa en formato magazine radiofónico presentado por Teresa Cuiñas e Eva Mejuto no que tratan diferentes aspectos sobre o mundo da literatura, a edición e a lectura.



Entre xullo e decembro de 2022 publicáronse os catro primeiros episodios:

- Premios Follas Novas e Letras Galegas 2022
- Lecturas orgullosas
- Puro Teatro
- Moito conto!

15. Renovación do Consello de Cooperación Bibliotecaria

Por Orde do Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do 30.06.2022, procedeuse ao cesamento e posterior nomeamento dos vogais do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, en aplicación do disposto no Decreto 190/2013, do 19 de decembro, polo que se regula a composición e o funcionamento do dito órgano, que establece a composición, o procedemento para o nomeamento e cesamento das vogalías e a duración de catro anos para os seus nomeamentos.



Na súa virtude, procedeuse á substitución da vogalía en representación das bibliotecas públicas de titularidade estatal ou autonómica situadas dentro do territorio de Galicia, das bibliotecas de titularidade privada integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, das bibliotecas especializadas e das bibliotecas universitarias; así como o vogal representante das asociacións profesionais de bibliotecarios.

16. Outras actuacións. Calendario do libro e da lectura

A Dirección Xeral de Cultura recolle cada ano as efemérides máis destacadas relativas á lectura, o libro e as bibliotecas, e edita e distribúe un cartel para darlles difusión. Os centros bibliotecarios de xestión autonómica conmemoraron estas datas cunha ampla oferta de actividades dirixida a diferentes públicos. A programación pode consultarse nas páxinas web de cada biblioteca e en cultura.gal.





A continuación recóllense as actividades das datas máis destacadas no calendario.

Día do usuario/a das bibliotecas

O 11 de xaneiro as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades programaron diversas iniciativas co fin de dar a coñecer as bibliotecas e agasallar os seus usuarios e usuarias que son máis que nunca protagonistas: visitas guiadas, regalo de libros e materiais, nomeamento de socio/a de honra, sorteos...

Total de actividades realizadas nas bibliotecas: 15

Día da ilustración

O Día da Ilustración, que forma parte do Calendario do libro e da lectura de Galicia desde o ano 2014, celébrase o 30 de xaneiro que toma como data de referencia a do nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

O Día da Ilustración 2022 homenaxeou a Reimundo Patiño, especialmente coñecido polo seu labor pictórico e como pioneiro da banda deseñada galega, xa que asinou o primeiro álbum galego de novena arte, 2 viaxes, e foi precursor neste ámbito coa súa banda deseñada mural O home que falaba vegliota.

A Biblioteca de Galicia organizou a exposición Reimundo Patiño: o desacougo creador, que puido visitarse entre o 28 de xaneiro e o 13 de maio e contou con reproducións dos seus traballos pictóricos, gravados e mostras do seu labor na ilustración e na banda deseñada así como artigos e monografías.





En colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI) a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades edita un cartel conmemorativo da data que cada ano diseña un ou unha profesional galega da ilustración e no que se presentan as actividades que realizan as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería. No 2022 o cartel foi elaborado por Paula Mayor.

As bibliotecas de xestión autonómica levaron a cabo un total de 18 actividades.



Día do Libro e Día do Libro infantil e xuvenil

A celebración o Día do libro infantil e xuvenil, o 2 de abril, e do Día do Libro o 23 de abril, fan que este mes estea cheo de actividades conmemorativas en torno a estas efemérides nas bibliotecas públicas. Máis de 70 actividades entre presentacións, conferencias, mostras, obradoiros e contacontos, visitas guiadas, agasallos, sorteos e certames, complementaron a programación habitual de actividades permanentes, como clubs de lectura, visitas ou formación de usuarios.

Día das Letras Galegas





O 17 de maio, Día das Letras Galegas, estivo dedicado en 2022 a Florencio Delgado Gurriarán. Avogado de formación, poeta, articulista, pioneiro da tradución poética interlingüística e editor literario, foi tamén un extraordinario activista cultural.

Na Biblioteca de Galicia puido visitarse unha exposición entre maio e setembro, na que se amosaron máis de 40 pezas do autor así como obras alleas acerca da súa figura. Ademais, as bibliotecas de xestión autonómica levaron a cabo un total de 21 actividades conmemorativas, entre charlas, exposicións, mostras bibliográficas, obradoiros ou contacontos, entre outros.

Día da biblioteca



O 24 de outubro celebrouse o Día da Biblioteca. A edición deste ano seguiu o lema "BiblioTEcuida", para centrar o papel das bibliotecas de diferente tipoloxía como espazos libres e abertos á cidadanía que, a través dos seus diversos servizos e recursos, preocúpanse por atender as necesidades dos seus usuarios e son un pilar fundamental ao servizo das comunidades ás que pertencen.

Na Rede de bibliotecas públicas de Galicia son moitas as actividades que se organizan para celebrar este día, e as bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades desenvolveron ao longo de toda a semana unha extensa programación.

Total de actividades realizadas nas bibliotecas públicas de xestión autonómica: 28

Novembro mes da ciencia en galego nas bibliotecas

Con motivo do Día Mundial da Ciencia, que se celebra o 10 de novembro, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pon en marcha o "Mes da ciencia en galego nas bibliotecas".

O profesor e investigador da USC e divulgador científico José Tubío foi o encargado de elaborar un manifesto, baixo o título "O deber de coñecer e transmitir a nosa historia científica".



Durante todo o mes de novembro, as bibliotecas públicas de xestión autonómica e a Biblioteca de Galicia levaron a cabo un total de 32 actividades entre obradoiros, contacontos, espectáculos, mostras bibliográficas e charlas co denominador común da divulgación científica e o obxectivo de achegar a ciencia a pequenos e maiores.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2022

A xefa do servizo do Sistema de Bibliotecas,

Alba Paz Boubeta